

ACTA NUM. 6/12

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CELEBRADA O DÍA 16 DE ABRIL DO 2012.

Na casa do Concello de Barro, ás vinteunha horas do día vinteoito de marzo de dous mil doce, reúnese o Pleno deste concello.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

Do Partido Popular:

Dna. Teresa Roig Olona

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Eduardo Iglesias González

Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abrales

Dna. M^a Xesús Castro Calviño.

D. Roberto Rivas Reboredo

Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Dna Margarita Canay Pintos

Secretario:

D. Xesús Rodríguez Castro.

Falta con excusa: D. Manuel Rivas Reboredo

ORDE DO DIA

- 1.- APROBACION ACTAS ANTERIORES.
- 2.- APROBACION DA EXECUCION DE AVAIS URBANIZACION E CONEXIION SISTEMAS XERAIS PP SUR-2.
- 3.- EXPEDIENTE DE CONTRATACION PARA OBRA EXECUCION URBANIZACION E CONEXION SISTEMAS XERAIS P.P. SUR 2 .

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES.

Dada conta da acta anterior da sesión extraordinaria urxente de data 28.03.2012, e acta sesión extraordinaria de data 28.03.2012. Non se fan observacións as mesmas e aprobanse por unanimidad.

2.- APROBACION DA EXECUCION DE AVAIS URBANIZACION E CONEXION SISTEMAS XERAIS PP SUR-2.

Antecedentes:

1.- En sesion plenaria de data 19/01/2005 aprobouse o “CONVENIO URBANÍSTICO ENTRE O CONCELLO DE BARRO E VIVENDAS CASELAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO SUR- 2 DO PXOM DE BARRO, no que entre outros extremos se acordou:

-substituír a obrigación de ceder o terreo necesario para situar o 10 por 100 do aproveitamento municipal correspondente ao Concello, polo seu equivalente en especie, de conformidade co disposto no artigo 177.2 da LOUGA.

- asumindo o Concello os seguintes compromisos:

1.-Transmitir á Propiedade o 10 % do aproveitamento lucrativo que lle corresponde no Plan Parcial do SUR-2 da vixente PXOM de Barro.

2.- Urbanizar totalmente, segundo as condicións e características que o proxecto de urbanización que se redacte ao efecto, dos viarios grafiados no plano adxunto denominados como V1, V2,V4 e V5 e a implantación da rede de iluminación pública (mesmo as súas luminarias) do viario V3.

En contraprestación, a Propiedade queda obrigada a ceder para o patrimonio municipal dos seguintes terreos:

1.-Os terreos previstos no Plan Parcial para viarios. A esta só corresponderalle urbanizar á súa costa o viario denominado V3, excepto no referente á iluminación pública tal e como se detalla no punto anterior.

2.-Os terreos grafiados coas letras A, D, C e ZV-13 do plano adxunto.

3.-De todas as construcións existentes contidas nos anteriores terreos, en concreto a parte incluída dentro do ámbito do SUR-2 do elemento catalogado pola PXOM denominado como AC-1 (Pazo de San Antoniño) e do elemento AR- 1 (Capela de San Antoniño), respectando neste caso, as reservas de uso que no contrato de compravenda entre Vivendas Casetas SL con tose Herdeiros de Dna. Amelia Piñeiro Rei como antigos propietarios destes terreos, establecéronse ao efecto.

2.- A Xunta de Goberno Local de data 02/07/2007 prestou aprobación definitiva o PROXECTO DE URBANIZACION SUR-2 e requiríuselle á promotora a constitución de fianza en contía de 41.470,02€, equivalente ao 20% do custo estimado para a implantación dos Servizos e execución das obras de urbanización e de conexión dos sistemas xerais existentes, mediante calquera dos mecanismos previstos na lexislación de contratos das administracións públicas que, deberá prestarse no prazo máximo de tres meses desde a aprobación definitiva do proxecto de urbanización aprobado, para asegurar a construción ou reposición do pavimento e/ou servizos municipais que pudesen quedar afectados.

Advírteselle a promotora, que en caso de pretender a edificación das parcelas, de xeito simultáneo á urbanización, esixírase ademais dos compromisos regulamentarios, a constitución da fianza que garanta a totalidade do custo estimado de urbanización, isto é 165.880,08 €.

3.- Constan avais de Caixa Galicia de data 21/09/2007 que avala a empresa VIVENDAS CASELAS S.L. por importe de **41.470,02 €** (nº 190.572) para asegurar a implantación dos servizos e execución das obras de urbanización e conexión dos

sistemas xerais existentes no ámbito do PP SUR-2 e por importe de **25.566,32 €** (nº 190.573) para asegurar a construción e reposición do pavimento e/ou servizos municipais que ponderan quedar afectados pola execución das obras do proxecto de urbanización do ámbito do PP SUR-2.

4.- Con data 02/05/2008 a Xunta de goberno Local concedeu a Vivendas Caselas S.L. LICENCIA URBANÍSTICA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE VINTEDÚAS VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA EN SANTO ANTONIÑO (PERDECANAI-BARRO), de conformidade co proxecto básico presentado.

Faise constar en dita licencia que en data 21 de setembro de 2007, achegou fianzas para responder da execución do proxecto de urbanización correspondente ao Bloque nº 1.

5.- Consta no expediente informe do Técnico Municipal no que se fai constar que o edificio de vivendas construído carece de conexión a rede eléctrica sendo o promotor responsable da execución de dita conexión e fai unha valoración das obras de remate de urbanización e conexión a servizos xerais da rede eléctrica polo importe de 58.903,96 € orzamento de execución material e 69.506,67 € IVE incluído.

6.- En sesión plenaria de data 05/03/2012 adoptouse por unanimidade o acordo que se transcribe na súa parte dispositiva:

“Primeiro.- Acordar a incautación dos avais por importe de 41.470,02 € e 25.566,32 € presentados pola empresa Vivendas Caselas S.L. para asegurar a execución das obras no ámbito do PP SUR-2.

Segundo.- Aproba-la liquidación provisional do orzamento de execución das obras de urbanización e conexión servizos xerais na contía de 58.903,96 € orzamento de execución material e 69.506,67 € IVE incluído.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á entidade VIVENDAS CASELAS S.L., e a entidade bancaria avalista concendendolles audiencia no expediente polo prazo de 10 días.”

7.- Consta no expediente a notificación do acordo adoptado a Vivendas Caselas S.L. e a entidade bancaria sin que fosen presentadas alegacións o acordo adoptado.

8.- En sesión da Comisión Informativa de asuntos do pleno de data 16/04/2012 dictaminouse favorablemente o asunto.

FUNDAMENTOS LEGAIS.

- Lei 9/2002 do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural, art. 132, 159

-R.D. 3288/1978 de 28 de agosto, Regulamento de Xestión Urbanística art. 40, 41

-Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico e Procedimento Administrativo Común, art. 84, 98.

Aplicación supletoria da lexislación sobre contratos:

-RDL 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público TRLCSP, art. 224, 225.

-Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas art. 109.

Polo Sr. Alcalde dase conta que o acordo sobre incautación dos avais foi notificado

a entidade bancaria e a empresa sin que houberen presentados alegación algunha.

Sometido a asunto a votación, ACÓRDASE por UNANIMIDADE

Primeiro.- Acordar a aprobación definitiva da incautación dos avais **por importe de 41.470,02 € e 25.566,32 €** presentados pola empresa Vivendas Caselas S.L. para asegurar a execución das obras de urbanización e conexión a servizos no ámbito do Plan Parcial SUR-2.

Segundo.- Notificar o presente acordo a Vivendas Caselas S.L. e á entidade bancaria NOVAGALICIA BANCO S.A. requiríndolle proceda o ingreso inmediato dos importes dos avais na conta **numero 2080.5411.23.3110100392** da que é titular o concello de Barro na entidade NOVAGALICIA BANCO S.A.

3.- EXPEDIENTE DE CONTRATACION PARA OBRA EXECUCION URBANIZACION E CONEXION SISTEMAS XERAIS P.P. SUR 2 .

Antecedentes:

Acordo de aprobación definitiva da incautación dos avais por importe de 41.470,02 € e 25.566,32 € presentados pola empresa Vivendas Caselas S.L. para asegurar a execución das obras no ámbito do PP SUR-2.

O Sr. Alcalde da con do proxecto LMTA LMTS CTC en Santo Antoniño Barro redactado polo Inxeñeiro Industrial Darío Sanchez Maeso de data 11-10-11 con un orzamento de 40.793,68 € para as instalacións eléctricas redactado propón a contratación da execución das obras polo procedemento negociado sen publicidade con solicitude de ofertas alomenos a tres empresas.

Consta Resolución do 01/03/12 da Xefatura Territorial de Pontevedra (BOP nº 61 de 27/03/12 e DOG nº 62 de 29/03/12) pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se describen no concello de Barro exte IN407A 2011/344-4:

Denominación:LMTA LMTS CTC en Santo Antoniño Barro

Descrición técnica: LMT aérea a 20 KV con conductor tipo LA-56 de 47 metros de lonxitude, con orixe no apoio existente e final no apoio proxectado HVH-1600/15 do cal continúa subterránea, con conductor tipo RHZ, 238 metros finalizando no CT proxectado.- Centro de Transformación de 630 KVA, R.T. 20 KV/400-230 V, situado en San Antoniño, Barro.

Consta informe técnico de valoración do Arquitecto Técnico Municipal de data 29/02/2012 que establece un orzamento total para as obras da instalación eléctrica e albañilería por importe de 69.506,67 €

Sometido a asunto a votación, acórdase por UNANIMIDADE:

PRIMEIRO.- Aprobación do expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade.

SEGUNDO.- Aprobación do prego de cláusulas administrativas polas se rexirá o

contrato.

TERCEIRO.- Facultar o Sr. Alcalde para solicitude de ofertas alomenos a tres empresas capacitadas delegando na Xunta de Goberno Local a adxudicación do contrato.

CUARTO.- Establecer a clausula suspensiva de existencia de crédito necesario que se habilitará unha vez ingresado o importe dos avais polas entidade bancaria.

4.- MOCIONS PRESENTADAS

4.1. MOCION DO PSdG-PSOE SOBRE O PROBLEMA DA SECA

polo Sr. Sanmartín Soto dase lectura o texto da moción presentada polo PsdeG-PSOE de Barro con data 19 de marzo de 2012, que se transcribe:

“Pola presente moción queremos reseñar o grande problema que senos ven enriba debido a falta de choiva, motivo polo que unha gran seca, esperamos este ano, a pesar de que estos días choveu algo e incluso poida chover mais mesmo en datas pouco apropiadas e nas que normalmente fai bo tempo. Os cambios climáticos que se están a producir están a orde do día, pero non estamos ainda concienciados con este importante problema, que fai que variemos a nosa percepción dos cambios que se producen nos cultivos, nas maduracións dos froitos, etc. Nos queremos poñer en aviso ó Concello desta situación, que probablemente provocará ós veciños e veciñas de Barro, dificultades de suministro de auga, indispensable para a vida cotiá e labores do campo.

Dende o PsdeG-PSOE de Barro, solicitamos deste goberno municipal e do pleno un compromiso para intentar controlar o consumo cidadá. Para eso pedimos a elaboración dunha ordenanza ou bando municipal que regule esta situación, imponendo este criterio e facendo controles asiduos no emprego do uso da auga a nivel individual e colectivo. Tamén solicitamos que o goberno inspeccione o estado de traídas públicas e privadas para evitar calqueira posible fuga no abastecemento de auga. De igual modo suxerimos a imposición de sancións económicas a todos aqueles cidadáns que incumpran o contido de dito regulamento ou bando”.

Sr. Sanmartín Soto, aclara que a súa moción ven a conto da seca pola falta de choivas e a necesidade de adoptar medidas para a redución do consumo incluíndo algunha recomendación do concello en tal sentido.

Sr. Alcalde, alude o dereito de propiedade privada, a necesidade de coñecer a Lei de Augas e as competencias da Consellería de Medio Ambiente nesta materia, a peculiaridade do rexime de augas en Canarias e a necesidade de diferenciar entre a propiedade pública e a propiedade privada, e tamén cita os problemas que está tendo o concello co Ministerio de Fomento en relación co abastecemento de augas a vivendas da parroquia da Portela afectadas polas obras de construción do trazado da vía do tren. En relación coa traida de augas municipal sinala que é moi fácil a demagogia sobre a subida de impostos e taxas e por outro lado demandar o control sobre o consumo. Que se está facendo unha xestión da auga que fai posible que o suministro sexa suficiente para os bloques de vivendas construídos en Santo Antoniño, cando outros anos había problemas porque non chegaba o suministro. E remata a súa intervención pedindo o promotor da moción que concrete as súas propostas en relación co abastecemento municipal.

Sr. Sanmartín Soto, recordalle o Sr. Alcalde que en relación coa subida de taxas recentemente aprobada apoiou o seu grupo a proposta do Sr. Alcalde e, independentemente das competencias sobre o tema e o xeito de exercelas, insiste na necesidade de controlar o gasto do servizo do abastecemento de auga.

Non se somete a votación o asunto

4.2. MOCION DO PSdG-PSOE SOBRE O MERCADILLO

A petición do Sr. Alcalde, polo Sr. Sanmartín Soto dase lectura o texto da moción presentada polo PsdeG-PSOE de Barro con data 23.03.2012, que se transcribe:

"Debido á actual situación na que se atopa a xestión da feira dominical de Barro e sen atisbos de solución inmediata por parte da empresa adxudicataria Rias Lacha, S.L., que segue sen abonar a débeda pendente contraída co concello pola actividade económica correspondente ó mercadillo,

dende o PsdeG-PSOE de Barro propoñemos:

1º) a rescisión inmediata do contrato asinado no seu día entre o concello e a empresa Rias Lacha S.L.

2º) a creación dunha feira alternativa con empresarios do sector ambulante e co respaldo de asociación do sector.

3º) que sexa o Concello o que se encargue da xestión directa do mercadillo.

4º) que os produtores e comerciantes locais poidan ter o seu propio espacio na feira para a venda das súas mercadorías.

5º) consideramos por último que esta nova xestión permitiría unha recadación importante para as arcas municipais, tendo en conta ademais a crítica situación económica actual do concello".-----

Sr. Sanmartín Soto, sinala que en relación coa problemática do mercadillo que está funcionando sin que o encargado do sua xestión pague o importe do canon e siga acumulando a debeda, plantexa buscar unha alternativa viable implicando os comerciantes como interesados na sua xestión.

Sr. Alcalde, entende que a xestión directa do mercadillo polo concello non é viable e sinala ademais que no mercadillo do derradeiro domingo había baixado a concurrencia da xente en relación con outras épocas, mostra a sua conformidade con notificarlle o adxudicatario dandolle audiencia e insisten en que algun ten que responsabilizarse da limpeza e seguridade do mercadillo. Da conta tamen que algun comerciante de Santo Antoniño lle ten manifestado que o mercadillo repercute no incremento das vendas do seu negocio.

Sr. Sanmartín Soto, pregunta si o Sr. Alcalde estaría disposto a falar cos vendedores e comerciantes sobre o tema.

Sr. Alcalde, aclara que si estaría disposto a falar do tema coa idea de que non vai a ser o concello o que xestione o mercadillo e que cabería a posibilidade de constitución dunha empresa para optar a xestión do mercadillo para o caso de que se contratara de novo.

Sr. Fernandez Abrales, que o mercadillo non pode continuar nunha situación irregular con unha deuda do importe de catro anos do canon que o adxudicatario da sua xestión esta obrigado a pagar o concello, e que non se vai apronunciar sobre a proposta da moción tendo en conta que o promotor da mesma non consultou previamente ó seu grupo.

Sr. Alcalde, que o texto da moción tal como está non o vai a apoiar, sinala a posibilidade de rescisión do contrato tendo unha alternativa para manter a continuidade do mercadillo para evitar a sua desaparición.

Non se somete a votación o asunto.

A sesión rematou ó fio das vinte e unha horas e dez minutos. Dou fe.